

VIERNES, 16 de noviembre de 2007

REPORTAJE:MAREA DE VERBAS E IMAXES | LUCES

A catástrofe dende o papel

Algunha novela, poemas e moito ensaio reflexionan sobre o 'Prestige'

DANIEL SALGADO | 16 NOV 2007

Archivado en: [Movimientos culturales](#) [Comunidades autónomas](#) [Catástrofe Prestige](#) [Mareas negras](#) [Administración autonómica](#) [Contaminación marítima](#) [Galicia](#) [Contaminación](#) [Literatura](#) [Problemas ambientales](#) [España](#) [Administración pública](#) [Medio ambiente](#) [Cultura](#)

Cando o escritor estadounidense Don DeLillo publicou a súa última novela, *O home do salto*, que trata o 11 de setembro de 2001 en Nova York, certa crítica recibíuno como a proba de que, cinco anos despois, á fin se podía facer literatura a partir do acontecemento. As tentativas anteriores -de John Updike ou de Jonathan Fraser, por caso- ficaban excedidas pola densidade destemida do autor de *Submundo*, que cruza monólogos interiores de vítimas e *yihadistas* no marco traumado da urbe.

Como se os cortes históricos, coa debida distancia, precisasen cicatriz para seren abordábeis pola literatura, do 13 de novembro de 2002, o día en que o *Prestige* emitiu o primeiro sinal de auxilio na costa galega, apenas emerxeu produción novelística. *Veu visitarme o mar*, de Rosa Aneiros, e *O corvo de chapapote*, de Luís Rei Núñez, son dúas das escasas obras que se enfrontaron ao naufraxio e a conseguinte rebelión cidadá ao xeito de materia narrativa. Se Aneiros tardou dous anos en pór na rúa o libro, que enmarca nas primeiras xornadas da catástrofe a historia dunha rapaza que loita contra a súa memoria, Rei Núñez trazou o seu relato case en tempo real: a narración pousouse nas librarías en marzo de 2003.

O xénero ensaístico foi o que centrou a produción de libros sobre o naufraxio

Sechu Sende facíase, tamén en 2003, co premio Blanco Amor de novela cunha obra de título *Orixé*. Mediante a alegoría, Sende constrúe o que a crítica Ana Salgado denominou "libro I da era pos*Prestige*". Anxos Sumai, que onte recollía o premio Repsol de narrativa breve por *Así nacen as baleas*, matínaba sobre aqueles días no seu volume de diarios *Anxos de garda*. O vilalbés Agustín Fernández Paz e o cambadés Ramón Caride Ogando tamén incidiron con *A praia da esperanza* e *A negrura do mar*, dirixidas a lectores infantís e xuvenís.

No xénero poético non resulta tan difícil rastrexar as pegadas do petroleiro. Amais do xogo versificador de *Pois era un barco pirata*, un romance apócrifo editado por Xesús Alonso Montero, de *Prestixio*. *Versos sen nicotina*, un libro obxecto de Manuel Celso Matalobos, ou *Mar de Lira*, un poemario de Francisco Xosé Fernández Naval atravesado polo desastre natural, tres volumes colectivos recolleron poemas de dúcias de autores. *Alma de beiramar*, compilado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega; *Sempre Mar*, polo colectivo de artistas Burla Negra, e *Negra sombra*. *Intervención poética contra a marea negra*, por Espiral Maior e Xerais, xuntan a práctica totalidade de escritores de poemas do país con libro publicado.

O movemento cidadán que respondeu ás xestións gobernamentais do accidente levou canda si a publicación dunha serie de libros a medio camiño entre a fotografía e o documento. *Nunca máis*. *A voz da cidadanía* reuniu, en 2003 e da man de Xabier Paz e Alba Vázquez Carpentier, máis de 1.500 fotografías e documentos relacionadas coa resposta cívica ao naufraxio. Na editora, Difusora das Artes e Ideas, preparan un segundo volume. *Fomos ficando sós o mar*

o barco e mais nós" é un coñecido verso de Manuel Antonio e o título da obra de dez fotografías e fotógrafas sobre o traballo dos voluntarios na limpeza da costa, nun só volume e publicada este mesmo ano. Xurxo Lobato tirou da súa cámara as imaxes de *No país de Nunca Máis*, colocada nos andeis hai catro anos por Galaxia.

A banda deseñada tampouco ficou allea á enxurrada de edicións sobre a marea negra. *H2OIL* e *O chapapote móvese* foron as dúas colectáneas que o Colectivo Chapapote levou á luz pública nos días do *Prestige*, xa en 2003. Durante o Viñetas do Atlántico do pasado agosto, o encontro de debuxantes e vendedores de cómic que se celebra na Coruña, o ilustrador catalán Sergi San Julián e o guionista vigués Carlos Portela presentaron as 20 primeiras páxinas da súa novela gráfica sobre o 13-N, *A conta atrás*.

Mais se a produción bibliográfica arredor do *Prestige*, o naufraxio e a xestión política do mesmo, se caracterizou por un xénero, ese foi o ensaio. Entre a prosa de combate de Suso de Toro en *Nunca máis: Galiza á intemperie*, no que encademou os seus artigos para o xornal catalán *La Vanguardia*, e o groso ensaio de coartada científica e xustificación da actuación da Xunta de Manuel Fraga *Prestige: a forza dos feitos*, a restrá de libros abrangue toda condición e militancia. Mesmo Xosé Manuel Beiras publicou en Laiovento a súa intervención parlamentaria na moción de censura que formularon BNG e PSdeG no Parlamento galego.

A na actualidade pouco activa editora Candeia inaugurou, en 2003, a elaboración de textos ensaísticos centrados na catástrofe ecolóxica. Oito autores, coordinados por Elías Torres, apareceron en *Prestige: a catástrofe que despertou a Galiza?* nunha achega múltiple e dende moi diferentes ámbitos. Un ano logo, repetiron en *A lección do Prestige* e ofreceron un balance máis distanciado. Sotelo Blanco contribuíu ao estudo e reflexión do tema con *¿Que foi do Prestige? Balance do impacto ecolóxico e social a un ano da catástrofe*, de autoría colectiva.

Dirixido polo ex presidente da Xunta e catedrático de economía Fernando González Laxe, o voluminoso *El impacto del Prestige* subtitulouse *Análisis y evaluación de los daños causados por el accidente del Prestige y dispositivos para la regeneración medioambiental y recuperación económica de Galicia*. Precisamente esta semana a Universidade Internacional Menéndez Pelayo organizou en Santiago de Compostela unhas xornadas so o epígrafe *¿Qué aprendimos de la catástrofe del Prestige?*. Con ese título editaron un volume colectivo, coordinado por Juan M. Garrido e Juan Lema Rodicio, no que participan metereólogos, ecoloxistas, politólogos ou economistas.